XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN,FORMACIÓN PROFESIONALEUNIVERSIDADE

CeipPlurilingue Alborada
Código15019323
RúaSanJosédeCalasanz5 15008 A Coruña
881961191

galicia







Radio Biblio

# ÁMBITO LINGÜÍSTICO: LETRAS -RADIO

CeipPlurilingue Alborada
Código15019323
RúaSanJosédeCalasanz5 15008 A Coruña
881961191


| 1. IDENTIFICACIÓN | |
|---|---|
| **TÍTULO DA TAREFA:** | |
| **ETAPA:** Educación Primaria | **NIVEIS:** 1º e 2º de primaria |
| **ÁMBITO / ÁREAS:** Lengua Castelá, Lingua Galega, Sociais e Ed. Plástica e Visual | **PROFESORADO:** o profesorado responsable da materia no 2º ciclo. |
| **DESCRICIÓN DA TAREFA:** preparación dun álbum no que o alumnado deixará notas e cartas ben a outras persoas ou a si mesmos. O alumnado coñecerá a diferencia entre notas e cartas, tipo de texto e características e elaborara ambas en función das súas capacidades que serán recollidas nun álbum. Estas poderán ser dirixidas a compañeiros de clase, familiares ou a quen eles libremente escollan. | |
| **XUSTIFICACIÓN:** traballamos a nota como paso previo á carta que será elaborada en grupo. Esta última forma parte dos textos a traballar no currículo atendendo ás súas características especiais. | |
| **CONTEXTO:** esta tarefas planease dentro do contexto da PDI "Aventúrate con Julio Verne" | |

CeipPlurilingue Alborada
Código15019323
RúaSanJosédeCalasanz5 15008 A Coruña
881961191


| 2. CONCRECIÓN CURRICULAR | | |
|---|---|---|
| **ACTIVIDADES** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES** | **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN** |
| **Actividade previa**: formación de grupos heteroxéneos de 3 ou 4 persoas e asignación de roles. | | |
| 1.- Actividade de escoita activa de diferentes libros de relatos que teñen como fío condutor a carta e o xénero epistolar. | L.G. CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa. OBX 3 | Rexistro de observación |
| 2.- Identificar as diferencias entre unha nota e unha carta: soporte, tipo de linguaxe, partes, contexto comunicativo.. Identificar nunha carta as partes fundamentais: data, saúdo, corpo, despedida e sinatura. | L.G. CA2.1.Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais. OBX 2 | Rexistro de observación |
| 3.- Escribir notas de forma individual e cartas en pequeno grupo atendendo ás distintas partes e consensuando | L.G. CA3.7. Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar | **Rúbrica** |

| | | |
|---|---|---|
| destinatario, contido etc. | e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. OBX 5 | |
| 4.- Posta en común das postais escritas e selección das que máis nos gustan para a súa posterior lectura en Radio Sito. | L.G. CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa. OBX 3 | Rexistro de observación |
| 5.- Elaboración do álbum e decoración do mesmo, creación de sobres etc. | E.P.V. CA2.4. Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual. OBX 4 | Rúbrica. |
| **Actividade de reforzo:** reconstruir unha carta previamente en fragmentos e compoñela seguindo as instrucións dadas ao longo da tarefa. | L.G. CA3.7. Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. | **Rúbrica** |

| | | |
|---|---|---|
| | OBX 5 | |
| Actividade de ampliación: escribir unha carta a un amigo ou amiga de xeito individual explicándolle a tarefa desenvolvida e o libro lido. | CA3.7. Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. OBX 5 | **Rúbrica** |
| **CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA** | | |
| Comprensión oral, escrita e audiovisual - Expresión oral e escrita - Estrutura dunha carta: data, saúdo, corpo e despedida - Habilidades plásticas – Creatividade - Medida do tempo: o calendario - Océanos e continentes - Traballo en equipo - Toma de decisións - Respecto polas opinións diferentes | | |

CeipPlurilingue Alborada
Código15019323
RúaSanJosédeCalasanz5 15008 A Coruña
881961191


## 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

| ACTIVIDADE | LUGAR DA ACTIVIDADE | AGRUPAMENTO | RECURSOS | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| Actividade previa: formación de equipos e asignación de roles. | Biblioteca de primaria | Gran grupo | Materiais de escritura | 20 minutos |
| 1.- Escoita activa de libros que teñen como fío condutor a carta | Biblioteca de primaria | Gran grupo | Libros da temática sinalada. | 20 minutos |
| 2.- Identificar diferencias nota/carta. | Biblioteca de primaria | Gran grupo | Libros, exemplos de cartas, pantalla dixital. | 30 minutos |
| 3.- Escribir notas individualmente e cartas en pequeno grupo. | Biblioteca de primaria | Traballo individual / en pequeno grupo de 4-5 alumnos. | Materiais de escritura e papel específico e adhesivo para notas. | 40 minutos |
| 4.- Posta en común para a súa posterior lectura en Radio Sito. | Biblioteca de primaria | Gran grupo. | Traballos realizados | 30 minutos |
| 5.- Elaboración do álbum e decoración do mesmo. | Biblioteca de primaria | Pequeno grupo. | Traballos realizados, materiais de escritura e bloc de debuxo. | 30 minutos |
| **Actividade de reforzo:** reconstruir unha carta | Biblioteca de primaria | Traballo individual/parellas | Materiais manipulativos realizados previamente se é posible con velcro | |
| **Actividade de ampliación:** escribir unha carta a un amigo/a individualmente. | Biblioteca de primaria | Traballo individual | Materiais de escritura | |

CeipPlurilingue Alborada
Código15019323
RúaSanJosédeCalasanz5 15008 A Coruña
881961191


## 4. AVALIACIÓN

| ASPECTOS A AVALIAR | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|
| ALUMNADO (ensinanza- aprendizaxe) | - ESCALA DE VALORACIÓN (Rúbrica)<br>- REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA | **Como?** mediante a observación directa e sistemática.<br>**Quen?** a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen.<br>**Cando?** ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito do Club de letras - Radio do 1º Ciclo. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nos aspectos positivos. |
| PRÁCTICA DOCENTE | - FICHA RECOLLIDA DE INFORMACIÓN | **Como?** Cumprimentando a ficha.<br>**Quen?** a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen.<br>**Cando?** ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito do Club de letras - Radio do 2º Ciclo. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos. |

CeipPlurilingue Alborada
Código15019323
RúaSanJosédeCalasanz5 15008 A Coruña
881961191


**RÚBRICA**

| ITEMS | | 4 | 3 | 2 | 1 | CRITERIOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| TRABALLO EN EQUIPO | A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO | Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo. | Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas. | Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto. | Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo. | LG - CA3.4. |
| | B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO | Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, durante toda a actividade e con actitude proactiva. | Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade. | Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso. | Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado. | LG - CA3.4. EPV - CA2.4 |
| | C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO | Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuoso e non invasivo. | Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso. | Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo. | Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece. | LG - CA3.7. EPV - CA2.4. |

CeipPlurilingue Alborada
Código15019323
RúaSanJosédeCalasanz5 15008 A Coruña
881961191


| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO | Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga. | Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra. | Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra. | Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervén nas quendas doutras persoas. | LG - CA2.5.<br>LG - CA3.4. |
| ORGANIZACIÓN | E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO | Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo. | Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos. | Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións. | Cústalle seguir o paso das actividades e cumprir os acordos do equipo. | LG - CA3.7.<br>EPV - CA2.4. |
| COMPRENSIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS | F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS | É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir deles. | É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos. | É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos. | Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos. | LG - CA3.4. |
| | G. É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO ESCRITO OU ORAL | É quen de comprender un texto escrito e un oral sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente. | É quen de comprender a maior parte dun texto escrito e un oral sen apoio e identificar a información precisa. | É quen de comprender un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio. | Non é quen de comprender un texto escrito e mostra dificultade cun oral. | LG - CA2.5. |

CeipPlurilingue Alborada
Código15019323
RúaSanJosédeCalasanz5 15008 A Coruña
881961191


| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| APRENDIZAXES | H. É QUEN DE PRODUCIR UN TEXTO ESCRITO OU ORAL | É quen de producir un texto escrito e un oral coherentes, axeitados comunicativamente e planificados. | É quen de producir un texto escrito e un oral, case sen apoio, coherentes e axeitados comunicativamente. | É quen de producir un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio. | Non é quen de producir un texto escrito e mostra dificultade cun oral. | LG - CA3.7. |

| DESEÑO DA TAREFA – LISTA DE COTEXO | | |
|---|---|---|
| A tarefa está adaptada ás características e necesidades do contexto real da aula e respecta a atención á diversidade. | SI | NON |
| As actividades deseñadas atópanse na Zona de Desenvolvemento Próximo (ZPD) do alumnado. | | |
| Os obxectivos redactados foron os axeitados para poder ser acadados con éxito. | | |
| Alcanzáronse os principais obxectivos propostos. | | |
| Traballáronse todos os estándares de aprendizaxe seleccionados na planificación da tarefa. | | |
| A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma. | | |
| Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces. | | |
| Existe coherencia entre todos os elementos que compoñen a tarefa. | | |
| Os recursos utilizados foron axeitados e de fácil acceso. | | |
| A temporalización prevista axustouse á realidade. | | |
| Foi necesario engadir algún elemento non previsto. | | |
| Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz. | | |
| Está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do Centro. | | |
| Existe claridade na linguaxe utilizada no seu deseño e planificación. | | |